



## Predición Xeral para Galicia

sábado, 06 marzo

Última actualización: 06/03/2021 09:00



Mañá\*



Tarde\*



Noite\*

### Comentario

As altas presións localizadas ao norte da península Ibérica achegarán estabilidade e vento do nordés. Deste xeito agardamos unha xornada de ceo pouco nubrado ou despexado, con nubes de estancamento no extremo norte. Pola tarde formaranse nubes de evolución na provincia de Ourense que poderían deixar algún chuvasco illado e ocasional. As temperaturas sufrirán un lixeiro a moderado descenso, tanto nas mínimas como nas máximas. Os ventos soprarán do nordés, moderados no terzo norte, máis frouxos no resto.

### Temperaturas


	MÍN	MÁX
A Coruña	11 °	15 °
Ferrol	10 °	15 °
Lugo	4 °	13 °
Ourense	4 °	19 °
Pontevedra	7 °	19 °
Santiago de Compostela	6 °	15 °
Vigo	10 °	20 °

Tendencia:    
 MIN MAX


domingo, 07 marzo



Mañá\*



Tarde\*



Noite\*

**Comentario**

O domingo mantense o anticiclón ao norte de Galicia, con ventos de compoñente norte e entrada de aire frío. Con esta situación comezaremos a xornada cos ceos parcialmente cubertos, con máis nubes no norte de Lugo, onde se podería rexistrar algún orballo, e bancos de néboa no interior. Co avance do día os ceos quedarán pouco nubrados ou despexados, con nubes de evolución que se formarán a sur da provincia de Ourense. As temperaturas máximas e mínimas sufrirán un novo descenso. Os ventos soprarán moderados de compoñente norte.

**Temperaturas**


	MÍN	MÁX
A Coruña	7 °	13 °
Ferrol	6 °	12 °
Lugo	1 °	11 °
Ourense	2 °	16 °
Pontevedra	5 °	17 °
Santiago de Compostela	4 °	13 °
Vigo	5 °	18 °

Tendencia:    
 MIN MAX


luns, 08 marzo



Mañá\*



Tarde\*



Noite\*

**Comentario**


Non se agardan cambios significativos para o luns xa que Galicia continuará na influencia das altas presións. Deste xeito, comezaremos o día con intervalos de nubes baixas no terzo norte e bancos de néboa en comarcas do interior que darán paso a unha tarde de ceos pouco nubrados ou despexados. As temperaturas mínimas descenderán lixeiramente, con xeadas en zonas altas, e as máximas quedarán sen cambios. O vento soprará frouxo do nordés, máis intenso no litoral.

**Temperaturas**

	MÍN	MÁX
A Coruña	5 °	13 °
Ferrol	4 °	12 °
Lugo	0 °	11 °
Ourense	2 °	16 °
Pontevedra	4 °	16 °
Santiago de Compostela	3 °	13 °
Vigo	3 °	17 °

Tendencia:    
 MIN MAX


martes, 09 marzo



Mañá\*



Tarde\*



Noite\*

**Comentario**

O martes Galicia manterase na influencia das altas presións, que seguen a afastar as fronteas que se desprazan polo Atlántico. Así, agárdase unha xornada de ceos pouco nubrados ou despexados, con entrada de nubes medias e altas co avance do día. Bancos de néboa matinal localmente persistentes na provincia de Lugo. As temperaturas mínimas descenderán lixeiramente, con formación de xeadas no interior e as máximas quedarán sen cambios ou con lixeiros ascensos. O vento soprará frouxo de compoñente norte.

**Temperaturas**

	MÍN	MÁX
A Coruña	4 °	13 °
Ferrol	2 °	13 °
Lugo	1 °	12 °
Ourense	1 °	17 °
Pontevedra	3 °	16 °
Santiago de Compostela	2 °	14 °
Vigo	3 °	17 °

Tendencia:    
 MIN MAX

## Lenda estado do ceo



## Lenda vento



**VAR** Vento feble e dirección variable

## Nota

\* Os intervalos horarios:

Mañá: das 7 ás 14 h. en horario de inverno e das 6 ás 14 h. en horario de verán.

Tarde: das 14 ás 20 h. en horario de inverno e das 14 ás 21 h. en horario de verán.

Noite: das 20 ás 7 h. do día seguinte en horario de inverno e das 21 ás 6 h. do día seguinte en horario de verán.